

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O DÍA 13 DE XUÑO DO 2015

No salón de Plenos do Concello de Fene sendo as 11.00 horas do día 13 de xuño de 2015, reúnen-se, previa convocatoria, a totalidade dos concelleiros electos (17), proclamados pola Xunta Electoral de Zona, asistidos pola secretaria da corporación, Estefanía Manteiga Lamas, que dá fe do acto, coa finalidade de proceder á constitución da nova corporación e á elección do alcalde do Concello de Fene, estando presente a interventora Marta Roca Naveira.

Pola secretaría intervéñese para saudar aos presentes e informar sobre o obxecto da sesión e a normativa aplicable, resumindo ao efecto o disposto polos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985 do 19 de xuño, o artigo 40 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 1 do RD 707/1979, do 5 de abril, polo que se determina a fórmula de xuramento ou promesa para a toma de posesión de cargos ou funcións públicas.

De seguido procede a secretaría a dar conta das actas de proclamación de concelleiros electos, remitidas pola Xunta Electoral de Zona de 27 de maio e 9 de xuño de 2015, segundo a cal resultaron proclamados concelleiros electos os seguintes candidatos/as:

Polo Partido Popular (PP): Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Painceiras, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez e Ana María Novo Picos.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG-PSOE): Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido e Amalia García Balado.

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG.): Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá e María Manuela Aguilar Prieto.

Por Participación Democrática Directa (PDDdG) : Xoán Manuel Rodríguez Bastida e César Daniel Castro García.

Por Esquerda Unida (EU): María del Carmen Martínez Rodríguez

Infórmase tamén, segundo a acta remitida pola Xunta Electoral de Zona, do número de votos obtidos por cada una das candidaturas presentadas nas eleccións na circunscrición electoral de Fene (PP: 2.239; BNG: 1.487; PSdeG-PSOE: 1.128; PDDdG: 874; EU: 562; Agrupación de Electores Avante: 326), sinalando que a lista máis votada foi a encabezada por Gumersindo Pedro Galego Feal.

Prosegue a secretaria dicindo que logo de ver a documentación acreditativa da personalidade, presentada polos concelleiros/as electos/as, a concelleira electa de maior idade resulta ser María Manuela Aguilar Prieto e a de menor idade, Rocío Aurora Bértoa Puente, as cales integrarán a Mesa de idade, actuando como secretaria da mesma a do Pleno.

Procédese pola secretaría a preguntar, tal e como esixe o artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, empregando a fórmula que establece o artigo 1 do Real Decreto 707/1979, a María Manuela Aguilar Prieto se **xura ou promete pola súa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Fene con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?** Respostando a Sra. Aguilar "si, prometo, por imperativo legal e comprométome a defender os intereses legais do Concello de Fene".

A mesma pregunta fórmulase a Rocío Aurora Bértoa Puente que responde "si, juro".

Constituída a Mesa de idade, a Presidenta da mesma saúda aos concelleiros electos e ao público asistente a esta sesión pública e declara aberta a sesión para a constitución da Corporación do Concello de Fene e a elección do seu alcalde.

A indicación da Presidenta da Mesa, a secretaria informa que os concelleiros electos presentes, que figuran na acta de proclamación da Xunta electoral de zona remitida a este Concello, entregaron con anterioridade á sesión, na Secretaría Xeral, as respectivas credenciais de concelleiros electos, e que

tamén teñen presentadas as declaracións de bens patrimoniais e participación en sociedades e causas de posible incompatibilidade e relación de actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, tal e como esixe o artigo 75 da lei 7/1985 de 2 de abril, as cales foron inscritas nos correspondentes libros rexistros custodiados na Secretaría Xeral.

Rematada a información a Presidenta da Mesa, logo de comprobar as credenciais e as declaracións de intereses presentadas, non apreciando causa de incompatibilidade en ningún deles, procede á formalización do xuramento ou promesa de acatamento á Constitución aos demais concelleiros electos, coa mesma forma anteriormente utilizada cos membros da Mesa de idade, respondendo cada un deles o que segue:

Gumersindo Pedro Galego Feal: "si, prometo"

Juan José Franco Casal: "si, juro"

Juana Barro Couto: "si, juro"

José Andrés Serantes Paineiras: "si, juro"

Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez: "si, juro"

Ana María Novo Picos: "si, xuro"

Juventino José Trigo Rey: "si, prometo, por imperativo legal e comprométome a defender os intereses legais do Concello de Fene"

Alejandra Permuy Meizoso: "si, prometo, por imperativo legal e comprométome a defender os intereses legais do Concello de Fene"

Justo Martínez Ardá: "si, prometo, por imperativo legal e comprométome a defender os intereses legais do Concello de Fene"

Antón Lois Noceda Carballo: "si, prometo"

Joaquín Julián Ayala Garrido: "si, prometo"

Amalia García Balado: "si, prometo"

Xoán Manuel Rodríguez Bastida: "si, prometo por imperativo legal e comprométome a defender os intereses da veciñanza de Fene"

César Daniel Castro García: "si, prometo por imperativo legal e comprométome a defender os intereses da veciñanza de Fene"

María del Carmen Martínez Rodríguez: "si, prometo, por imperativo legal"

A Mesa de Idade declara validamente posesionados aos concelleiros da nova Corporación resultante das eleccións locais celebradas o día 24 de maio do 2015.

De seguido a Mesa de Idade pregunta aos cinco concelleiros que encabezan as listas das cinco candidaturas que obtiveron representación (Gumersindo Pedro Galego Feal, Juventino José Trigo Rey, Antón Lois Noceda Carballo, Xoán Manuel Rodríguez Bastida e María del Carmen Martínez Rodríguez) se presentan a súa candidatura para a elección de alcalde/esa do Concello de Fene, presentando candidatura Gumersindo Pedro Galego Feal e Juventino José Trigo Rey e rexeitando o resto.

Procédese á votación ordinaria preguntándose aos concelleiros quen vota a favor de cada un dos candidatos, por orde de maior a menor votos obtidos da lista que encabezan nas eleccións municipais, á Alcaldía, resultando o que segue:

Gumersindo Pedro Galego Feal, votos a favor 7 (Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Paineiras, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez e Ana María Novo Picos)

Juventino José Trigo Rey, votos a favor: 10 votos a favor (Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez).

A Mesa de idade, logo de ver o resultado da votación na que un dos candidatos obtén maioría absoluta, declara alcalde electo ao concelleiro Juventino José Trigo Rey.

Proclamado alcalde electo, a presidenta da Mesa de Idade, procede tal e como esixe o artigo 108 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, empregando a fórmula que establece o

artigo 1 do Real Decreto 707/1979 do 5 de abril, a preguntarlle o alcalde electo se xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde do Concello de Fene con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, respondendo Juventino José Trigo Rey "si, prometo, por imperativo legal e comprométome a defender os intereses legais do Concello de Fene", quedando posesionado do cargo alcalde do Concello de Fene, e asumindo a Presidencia da sesión substituindo aos membros da Mesa.

De seguido, toma a palabra o alcalde e fai o seguinte relatorio:

"Bo día a todos e todas, agradézo-vos en nome de toda a nova corporación a vosa asistencia a este acto tan importante.

O pobo de Fene expresou a súa vontade nunhas eleccións plurais, abertas e con incerteza no resultado se cadra máis que noutras ocasións.

Algo semellante ao ano 1979 cando se constituíron as primeiras corporacións democráticas logo de 40 anos de ditadura.

É importante este acto porque refrenda algo elemental, a pluralidade de ideas e de opinións, formas de ver as cousas e de melloralas.

Cando remate este mandato que hoxe comeza, levaremos 40 anos continuados de concellos democráticos con alcaldes como Xosé Maria Rivera, Iván Puentes e Gumersindo Galego, que sendo de ideoloxías diferentes puideron exercer o seu cargo libremente.

É importante este acto, porque o alcalde de Fene en 1936 Ramón Souto xunto con gran parte da corporación, secretario incluído, foron asasinados o día da Galiza mártir, 17 de agosto do 1936 no castelo de San Felipe, porque pensaban diferente, e iso é algo que non podemos esquecer e que sempre o debemos ter na memoria.

Por isto o meu primeiro agradecemento é para todas as persoas que loitaron por facer un mundo mellor, pola igualdade de dereitos das persoas e dos pobos, a todas sen distinción vai este meu agradecemento.

O meu segundo agradecemento ten que ir para todo o pobo de Fene que nun exercicio cívico exerceu o seu dereito ao voto e se comprometeu co proceso democrático.

O meu terceiro agradecemento vai a todos os compañeiros de corporación os que o foron, especialmente para Manuel Polo, Rita Couto e Inés Roca, e aos que vos incorporades; sei que coa vosa colaboración sacaremos a Fene adiante.

Para min é un día moi especial. Cando me chamaron os do BNG para encabezar a candidatura hai 4 anos eu non era militante do BNG, non participaba activamente en política. Pero sentín unha responsabilidade cara o noso pobo e sobre todo sentín unha cousa, xa está ben de criticar e non facer nada. Algo que por desgraza está moi ao día, crítico todo e non comprometerse a nada.

Din o paso, aceptei, sabendo que era unha gran responsabilidade. Hoxe podó afirmo que o paso foi acertado, a miña aspiración política comeza e remata en Fene; propóñome ser alcalde de toda a veciñanza.

A porta do concello estará aberta e farei o que prometín en campaña, TRABALLAR, algo que levo facendo dende os 14 anos.

Non o farei só, aquí estamos 17 mulleres e homes que conformamos a corporación e que estou seguro que defenderemos e proporemos o mellor para Fene.

Anúnciovos tamén que temos asinado dous acordos, un programa político entre EU, Somos Fene, PSdeG-PSOE e o BNG-AA, e un acordo de goberno entre Somos Fene, PSdeG-PSOE e o BNG.

Quero agradecer especialmente a altura de miras e a enorme xenerosidade de EU e a súa concelleira, Mari Carmen Martínez, que coa súa actitude conseguiron que estes acordos saíran adiante.

Estes acordos garanten un goberno estable e con amplo apoio popular e que nace do acordo das partes asinantes. Resumidamente neste acordo temos as seguintes liñas prioritarias de actuación.

- 1) PARTICIPACIÓN VECIÑAL, INFORMACIÓN, TRANSPARENCIA
- 2) EMPREGO
- 3) BENSTAR SOCIAL, DEPENDENCIA E IGUALDADE
- 4) UN CONCELLO SOSTIBLE CON SERVIZOS BÁSICOS UNIVERSAIS
- 5) CULTURA, LINGUA E DEPORTES
- 6) URBANISMO, VIVENDA E OBRAS
- 7) REDISTRIBUCION DE RECURSOS, TAXAS, IMPOSTOS, AXUDAS E BECAS.
- 8) XESTIÓN CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS

Como dixen antes, estas liñas de actuación xunto co organigrama serán feitos públicos polo conxunto do goberno. (xa está nas redes sociais en gran parte)

En 15 días teremos o Pleno organizativo e nese se verá a forza deste goberno.

Hoxe remato xa, foi a elección da Alcaldía, cargo que exercerei para o ben de Fene, implicando o mellor de min pero sobre todo sacando o mellor da corporación que hoxe tomou posesión e do conxunto do persoal municipal sen o cal, as palabras dificilmente pasarían a ser realidades.

Moi bo día e VIVA FENE!!”

A continuación toma a palabra o concelleiro do PP Gumersindo P. Galego Feal, quen felicita ao novo alcalde e di que pasan á oposición, e aquí estarán para sacar este pobo adiante. Engade que presidir esta corporación foi unha experiencia inesquecible e dá as grazas aos veciños pola súa colaboración.

Remata dicindo que este é un concello difícil que hoxe deixan nunha mellor situación, como se poderá apreciar no arqueo do patrimonio que se verá a continuación, xa que no eido económico evolucionou bastante ben.

Pide a palabra a secretaria municipal para poñer en coñecemento dos concelleiros que teñen á súa disposición a documentación relativa ao inventario municipal e dar conta do importe ao que ascende o arqueo do patrimonio:

- ✓ Existencias en valores: 546.673,88 €
- ✓ Metálico en contas bancarias: 2.408.703,13 €

Concluída a súa intervención o señor alcalde-presidente do Concello de Fene, levanta a sesión sendo as 11.23 h do día indicado no encabezamento, do que eu secretaria dou fe e estendo a presente acta.

Vº e Pr.

O alcalde

A secretaria

Juventino J. Trigo Rey

Estefanía Manteiga Lamas